

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de setembro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Lucía Molares Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día catro de setembro de dous mil seis e baixo a presidencia do primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila, ata o punto nº 23 que se incorpora á sesión a Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López Chaves, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral accidental, Sr. Suárez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1172).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 59/06 INTERPOSTO POR D^a M^a CARMEN ALVAREZ SALGADO CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDDE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 23.05.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada pola letrada D^a Nuria González Lores, en nome e representación de María del Carmen Alvarez Salgado, contra a resolución da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de 17.10.05, anulando a mesma e condenando ao Concello a que abone á recorrente a cantidade de 3.456,28 €, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, que deberá darse conta so servizo de Patrimonio.

2(1173).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4772/2003 INTERPOSTO POR D^a. ELISA LÓPEZ BASTOS CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 18.05.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a. Elisa López Bastos contra o acordo do Concello de Vigo de 13 de marzo de 2003, denegatorio da reclamación de responsabilidade patrimonial por ela formulada, o cal anulamos por ser contraria a dereito, condenando á Administración demandada a que abone á Actora a cantidade de 8.958,68 €, incrementada cos xuros legais dende o 10.03.03. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

3(1174).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 5/2006 INTERPOSTO POR D. CARLOS M. TERCEIRO LOMBA CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECURSO INTERPOSTO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO.DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.05.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda formulada polo letrado D. Carlos María Terceiro Lomba, no seu propio nome e representación, contra a resolución de 5.10.05, dictada polo concelleiro delegado de Seguridade, pola que se desestima o recurso interposto polo actor contra a sanción de 302 € que lle foi imposta por con ducción temeraria por resolución de 9.08.05, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta so departamento de Seguridade e Recadación municipal..

4(1175).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 223/2006 INTERPOSTO POR D^a JOSEFINA GRANDE SALGADO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 26.06.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debeo estimar e estimo en parte a demanda formulada pola procuradora dos Tribunais D^a Auxiliadora Ruíz Sánchez, en nome e representación de Josefina Grande Salgado, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora o 4.10.04, polas lesións sufridas a consecuencia da caída padecida o día 20.08.04, sobre as 16,30 horas, cando paseaba pola avda. das Camelias á altura da panificadora, anulando a mesma e condenando ao Concello demandado a que aboe á actora a cantidade de 1.374,30 €, que devengará o xuro legal dende a data da reclamación en vía administrativa (29.04.05), sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

5(1176).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 169/2006 INTERPOSTO POR D. JOSE MANUEL RODRÍGUEZ CASAL CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 18.05.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda formulada polo letrado D. Manuel Angel García Alvarez, en nome e representación de José manuel Rodríguez Casal, contra a resolución do Concello de Vigo de 25.01.06, pola que se impuxo unha sanción ao recorrente por importe de 45 €, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico.

6(1177).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 203/2006 INTERPOSTO POR D^a CONSUELO GIL BERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 23.05.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada plo letrado D. Pablo Gil de Comesaá, en nome e representación de Consuelo Gil Bernández, contra a resolución de 16.01.06, pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora polos danos e perdas sufridos polos

feitos acaecidos o 29.06.03, anulando a resolución recorrida e condenando ao Concello demandado a que abone á actora a cantidade de 803,70 €, que debengará o xuro legal dende a data de notificación á administración desta sentenza, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, que deberá darse conta ó servizo de Patrimonio.

7(1178).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 119/2006 INTERPOSTO POR D. ALFONSO RODRÍGUEZ ARMESTO CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 17.04.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar y desestimo integramente a demanda, formulada polo procurador dos tribunais D. Emilio Alvarez Buceta, en nome e representación de Alfonso Rodríguez Armesto, contra a resolución de 16 de novembro de 2005, dictada polo concelleiro delegado de Seguridade, pola que se desestima o recurso de reposición interposto polo actor contra a sanción de multa de 150 euros imposta ao recorrente pola suposta infracción de exceso de velocidade, ao circular a 79 km/h pola avda. de Madrid, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, que deberá darse conta ó servizo de Seguridade.

8(1179).- SENTENZA DO TXSG NO R.C.A. 02/5457/02 INTERPOSTO POR D. RAFAEL ARAUJO MELÓN CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Rafael Araujo Melón contra a desestimación pos silencio polo Concello de Vigo da reclamación indemnizatoria formulada polo recorrente o 4 de abril de 2002, en concepto de responsabilidade patrimonial; sen faces especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, que deberá darse conta ó servizo de Patrimonio.

9(1180).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 04/4415/2001 INTERPOSTO POR D. MANUEL SOTO FERREIRO EN RELACIÓN CO ACORDO PLENARIO QUE RESOLVE RECLAMACIONES E ENMENDAS CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO PRESUPOSTO XERAL DO ANO 2001 E APROBACIÓN DO MESMO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 25.10.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia interposto contra acordo adoptado polo Pleno do Concello de Vigo en data 26.02.01 polo que se aprobo definitivamente o presuposto xeral para o exercizo 2001. A sentenza falla o seguinte:

Que desestimando as pretensión deducidas no presente recurso contencioso-administrativo, debemos declarar e declaramos a conformidade a Dereito dos actos administrativos recorridos, que, por tanto, debemos confirmar.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, que deberá darse conta á Intervención municipal.

10(1181).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4348/2003 INTERPOSTO POR D. MANUEL SANTOS BLANCO CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 25.05.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Manuel Santos Blanco contra o acordo do Concello de Vigo de 26 de agosto de 2002, denegatorio da reclamación de responsabilidade patrimonial por él formulada, o cal anulamos por ser contrario a dereito, condenando solidariamente a dito Concello e á codemandada “Aqualia FCC Vigo UTE” a que aboen ó actor a cantidade de 2.049,29 €, incrementada cos xuros legais dende o 26.08.02. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

11(1182).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 283/2006 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REQUIRIMENTO INTERADMINISTRATIVO SOBRE LIQUIDACIÓN DO IBI 2004/05.

Dáse conta do auto de data 15.06.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo declarar e declaro rematado por satisfacción extraprocesual o presente procedemento contencioso-administrativo interposto pola Xunta de Galicia contra o Concello de Vigo, sen que haxa que imponer ou facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

12(1183).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 219/05 INTERPOSTO POR D^a. YOLANDA M^a COSTAS BABIO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. AUTO DE DESESTIMENTO.

Dáse conta da sentenza de data 27.01.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter á letrada D^a. Alejandra González Montero en nome e representación de Yolanda María Costas Babio, por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

13(1184).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DO I PREMIO Á SOLIDARIEDADE DO CONCELLO DE VIGO – ANO 2006. EXPTE. 17193/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Benestar Social, do 29.08.06, dáse conta da proposta da Delegada da Área de Participación Cidadá, da mesma data, que di o seguinte:

O Excmo. Concello de Vigo convoca o I Premio á Solidariedade, co obxectivo de concienciar e sensibilizar á sociedade sobre a importancia do traballo voluntario e solidario, a prol dos sectores sociais máis desfavorecidos.

Á vista do informe da técnica de benestar social e valorada a proposta realizada pola Federación de Asociacións Pro-Persoas con Discapacidade Intelectual da Provincia de Pontevedra (FADEP), a favor de D. Alfonso Zulueta de Haz y M^a Teresa Fernández Cabaleiro pola súa traxectoria e destacada labor a favor das persoas con discapacidade intelectual , valórase favorablemente dita candidatura ao premio.

Por todo o exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local, adopte o seguinte acordo:

- 1) Conceder o I Premio á Solidariedade do Concello de Vigo, ano 2006 a D. Alfonso Zulueta de Haz y M^a Teresa Fernández Cabaleiro*

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a devandita proposta.

14(1185).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O GRUPO ASOCIACIÓN CULTURAL ALETHEIA PARA A ORGANIZACIÓN DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA “¿CONFLICTO DE CIVILIZACIÓNS?”. EXPTE. 9785/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.08.06 e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 26.07.06, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Grupo Aletheia, CIF G36659258, para a organización dunhas Xornadas de Filosofía programadas pola Concellería de Cultura baixo o título “¿Conflicto de civilizacións?”, que se realizarán do 17 ó 20 de outubro de 2006 en Vigo.

2º.- Autorizar un gasto a favor da A.C. Grupo Aletheia de 14.000 € (catorce mil euros, con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais”, en concepto de compensación pola organización das Xornadas de Filosofía.

PROXECTO CONVENIO CONCELLO DE VIGO- A.C. GRUPO ALETHEIA PARA REALIZACIÓN DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA “¿Conflicto de civilizacións?”

En Vigo, a ____ de _____ de dous mil seis.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ignacio López-Chaves Castro, concelleiro-delegado do área de Cultura do Concello de Vigo e en representación desta administración municipal, con CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº.

Doutra parte, D. Avelino Muleiro García, presidente do A.C. Grupo Aletheia, con CIF G36659258, e con enderezo na rúa Álvaro Cunqueiro 36, 3º C, da cidade de Vigo, CP 36211.

MANIFESTAN

1.- A Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo pretende o potenciamento da actividade cultural da cidade, para o que ven desenvolvendo diversos programas que contribúen á análise do fenómeno cultural nas súas máis diversas manifestacións.

2.- Presentase baixo interrogante o tema do “conflicto das civilizacións” porque na actualidade danse opinións encontradas sobre un problema evidente. Os movementos migratorios internacionais trouxeron consigo a aparición de novos ámbitos de problemas derivados das relacións laborais que antes non existían. A superpoboación de países exportadores de man de obra, a escaseza da mesma nos países receptores propiciaron un intercambio cultural totalmente descoñecido hai poucos anos.

Todo isto é o que fundamenta a proposta do Grupo Aletheia para abordar unhas Xornadas de Filosofía nas que autoridades intelectuais de total solvencia debatan e ofrezan os seus puntos de vista sobre estes problemas.

3.- O tratamento das cuestións presentadas deben ser analizadas nunhas xornadas de filosofía abertas ao público en xeral e ademais con recoñecemento académico, xustificadas pola orixe universitaria e investigadora dos relatores.

4.- O A.C. Grupo Aletheia é unha organización sen ánimo de lucro que pretende difundir os valores da filosofía, da análise e da reflexión en todos os ámbitos posibles e está disposta a colaborar co Concello de Vigo naquelas actividades relacionadas cos seus obxectivos.

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio suscríbese co obxectivo de realizar as XORNADAS de FILOSOFÍA "Conflicto de civilizacións?", que promoven conxuntamente a Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais e mais a A.C. Grupo Aletheia, coa colaboración doutras entidades, como forma de potenciar as manifestacións culturais da cidade.

SEGUNDA.- Orzamento e financiamento.

O orzamento xeral da programación das Xornadas de Filosofía, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a un gasto total de 16.400 € dos que 14.000 € se financiarán con cargo á partida 4510.226.06.00 "Foros culturais" do orzamento municipal prorrogado no actual exercicio económico, e os outros 2.400 € financianse pola entidade organizativa a través de recursos propios ou que procuren.

O Concello de Vigo ou o A.C. Grupo Aletheia poderán procurar financiamento das Xornadas de Filosofía a través de entidades públicas ou privadas.

TERCEIRA.- Datas e lugares.

As Xornadas "Conflicto de civilizacións" terán lugar do 17 ao 20 de outubro de 2006 no Salón de Actos da Fundación Caixagalicia, rúa Policarpo Sanz nº 21 de Vigo. O programa detallado e o orzamento achéganse a este convenio nun ANEXO.

CUARTA.- Destinatarios e sistema de acceso.

As xornadas están destinadas ao público en xeral e contan cun número limitado de 150 prazas. A inscrición é gratuíta e realízase a través do A.C. Grupo Aletheia ou, directamente, no local das xornadas no momento do seu inicio (se houbera prazas dispoñibles).

QUINTA.- O A.C. Grupo Aletheia comprométese a:

- a) Asumir a organización das Xornadas de Filosofía, en particular os seguintes aspectos:
- Seleccionar aos relatores e organizarlles as viaxes e estadias.
 - Atención aos ponentes, moderadores e representantes das entidades organizadoras, dende a súa chegada á cidade até a súa saída, incluíndo os traslados, comidas e ceas.
 - Atención ao público: información, inscricións, entrega de documentación e certificados, etc.
 - Difusión e comunicación sobre as xornadas: edición, distribución e/ou instalacións, de folletos, carteis, dossieres, diplomas, rotulacións; etc. Información aos medios de comunicación en coordinación coa Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais.
 - Asumir os gastos derivados dos parágrafos anteriores.
 - Controlar a asistencia dos inscritos, de acordo coas normas da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, co obxecto de xestionar as certificacións académicas.
 - Procurar o financiamento complementario do custo das xornadas.

- b) Resolver con carácter xeral calquera detalle organizativo que non estea expresamente asumido polo Concello de Vigo.
- c) Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto detallado no anexo; comunicarlle á Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais os cambios que se puidesen producir no momento en que se teña noticia deles co obxecto de recabar a conformidade da Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais coas modificacións.
- d) Presentar no Concello de Vigo unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, dentro dos 10 días seguintes á súa finalización. Como mínimo, a memoria incluírá os datos de participación, os detalles do desenvolvemento das actividades, a memoria de prensa e medios de comunicación, un rexistro fotográfico ou audiovisual, o balance económico con detalle de gastos e ingresos.

SEXTA.- O CONCELLO DE VIGO a través da súa CONCELLARÍA-DELEGADA DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS obrígase a:

Aboarlle ao Grupo Aletheia un importe total de 14.000 €. como compensación dos gastos orixinados polos conceptos detallados na cláusula anterior; tras os informes técnicos correspondentes e a aprobación da memoria polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

SÉTIMA.- Unidade xestora e mecanismos de seguimento do convenio.

A xestión deste convenio corresponderalle á unidade de Cultura do Concello de Vigo e o seu seguimento realizarase a través do A.C. Grupo Aletheia, da presenza de persoal do Departamento de Cultura do Concello nas actividades programadas e dos informes ou memoria correspondentes.

OITAVA.- Difusión.

A produción do material gráfico relacionado coas Xornadas de Filosofía será asumida integramente pola A.C. Grupo Aletheia. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Tamén figurarán os anagramas-logotipos das entidades colaboradoras nas xornadas que determine a Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais.

NOVENA.- Sistemas de pagamento.

O Concello de Vigo aboaralle ao A.C. Grupo Aletheia o importe de 14.000 € por transferencia bancaria á conta n. 0468/0040105822 que a citada entidade ten aberta na oficina da praza da Independencia de Caixanova a nome de Grupo Aletheia; despois da aprobación da memoria-avaliación pola Xunta de Goberno Local do Concello.

DÉCIMA.- Incumprimentos.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o día 31 de decembro 2006.

DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de controversias e desenvolvemento.

A Xunta de Goberno Local queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución e o Concelleiro de Cultura adoptará as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade asinan, por triplicado exemplar, o presente convenio na data xa indicada.

*XORNADAS DE FILOSOFÍA
“¿Conflicto de civilizacións?”*

Salón de actos da Fundación Caixagalicia

17, 18, 19 e 20 de outubro de 2006

PROGRAMA

Día 17, martes

16.30h APERTURA DAS XORNADAS.

*17.00h Emilio Lamo de Espinosa: Globalización e diversidade cultural.
Culturas, civilizacións, linguas, nacións
Coloquio.*

18.30h Descanso.

*19.00h Rafael Bueno Martínez: A nova China no novo equilibrio do poder rexional
20.30h Coloquio.
21.30h Final da sesión.*

Día 18, mércores

*17.00h José Luis Villacañas: Identidade e Conflicto: ¿Que nos pode
ensinar Carl Schmitt se o lemos con Freud?*

18.30h Coloquio.

19.00h Descanso.

19.30h Antonio Piñero: As orixes da civilización cristiá.

21.00h Coloquio.

21.30h Final da sesión.

Día 19, xoves.

17.00h José Sanmartín Esplugues: Fontes do terrosrismo islamista.

18.30h Coloquio.

19.00h Descanso.

*19.30h Gema Martín Muñoz: O mundo árabe no Occidente: Palestina e
xogo da manipulación.*

21.00h Coloquio.

21.30h Final da sesión.

Día 20, venres

17.00h.	Óscar Pujol: <i>Coñecemento e cultura na India: apuntes para a diversidade</i>
18.30h.	Coloquio.
19.00h.	Descanso.
20.00h	Jesús Mosterín: <i>Cultura e civilización.</i>
21.00h	Coloquio.
21.30h.	Clausura.

XORNADAS DE FILOSOFÍA
¿Conflicto de civilizacións?
17, 18, 19 e 20 de outubro de 2006
ORZAMENTO

ORZAMENTO

A) GASTOS.

1.- Emolumentos conferenciantes:.....	5.600 €
2.- Viaxes:.....	2.800 €
3.- Hotel:.....	2.500 €
4.- Comidas:.....	1.900 €
5.- Carteis, programas, carpetas:.....	3.100 €
6.- Comunicaci3ns: fax, tel3fono, cartas, etc.....	500 €
.....	
TOTAL GASTOS:.....	16.400 €

A) INGRESOS:

1.-Concello de Vigo:.....	14.000 €
2.-Recursos propios da A.C. Aleteheia ou doustro.....	2.400€
.....	
TOTAL INGRESOS:.....	16.400 €

XORNADAS DE FILOSOFÍA
¿Conflicto de civilizacións?
17-20 de outubro de 2006
DIFUSIÓN E FUNCIONAMENTO

DIFUSIÓN DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA EN VIGO

A publicidade das Xornadas de Filosofía abrangue os seguintes ámbitos:

- 1.- Edición e distribución pola cidade de 1.000 carteis, deseñados polo pintor Antón Pulido.
- 2.- Presentación das Xornadas en rolda de prensa, presidida polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.
- 3.- Edición e distribución de 3.000 dípticos co programa das xornadas.
- 4.- Distribución de carteis e dípticos co programa a todos os centros de ensino público e privado de Galicia, universidades españolas e principais institucións galegas.
- 5.- Notas de prensa da temática das xornadas día a día.
- 6.- Entrevistas nos medios de comunicación cos relatores das xornadas.

FUNCIONAMENTO DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA EN VIGO

- 1.- As Xornadas de Filosofía son abertas ao público en xeral, se ben son de máis interese para profesores universitarios e de ensino secundario.
- 2.- A inscrición é gratuíta.
- 3.- A inscrición nas Xornadas de Filosofía pode realizarse previamente enviando os datos persoais ao apartado de correos 5350, por correo electrónico (xornadasaletheia@yahoo.es) ou no momento mesmo da apertura das xornadas (se houbera prazas dispoñibles).
- 4.- Outorgaráselles un diploma de asistencia a todos os asistentes que teñan xustificada unha presenza mínima do 60% do programa. Ao profesorado recoñeceráselle vinte horas por parte da Consellaría de Educación, útiles para sexenios e outras actividades docentes.

15(1186).- SOLICITUDE DO CLUB TRIATLÓN VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROBA XX TRIATLÓN CIDADE DE VIGO O DÍA 9.09.06. EXPTE. 6330/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.08.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Triatlón Vigo a organizar o vindeiro día 9 de setembro de 2006 a proba deportiva denominada XX Triatlón Cidade de Vigo, que consta de tres sectores: natación que se realizará na praia de Bouzas, carreira a pé polo paseo de Bouzas e carreira ciclista que se desenvolverá na circunvalación Castrelos-Bouzas con un percorrido de 2000 metros. Esta proba terá o seu comezo as 17:00 h. e a duración da mesma está previsto que sexa de 1 hora e 30 minutos.

16(1187).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES PARA COLEXIOS PÚBLICOS. EXPTE. 7865/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.07.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 1.08.06, conformado polo concelleiro da Área de Educación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 219.000 euros/ano. euros para a subministración de gasóleo C para a calefacción dos colexios públicos deVigo que se imputarán á partida presupuestaria 422.0.221.03.00 dos presupostos dos anos 2007 e 2008.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo Excmo. Concello de Vigo, xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), do 1.08.06, modificada de acordo co informe da Asesoría Xurídica de 10.07.2006, e o prego de prescripción técnicas para a subministración de gasóleo C para a calefacción dos colexios públicos de Vigo, do 7.06.06.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

17(1188).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓN TRUNKING DE VOZ E DATOS PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2004/113.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 21.08.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a empresa Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S. Coop. o concurso para a contratación da infraestrutura e mantemento da rede Trunking de comunicación do Concello de Vigo, expte. 2004/113, por un importe de 65.072 euros para 229 terminais, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 12-06-2006 e a oferta presentada.

18(1189).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. EXPTE. 2501/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación do 14.08.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, polo concelleiro da Área de Muller e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 04 de xullo de 2005 adxudicou á Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo a prestación dos servizos de atención domiciliaria á Infancia por un importe anual de 120.000 euros/ano e un prezo hora de 15 euros.

A técnica da oficina de Muller en informe que se achega no expediente expon as novas necesidades que motivan a ampliación do servizo polo aumento da nos primeiros meses deste ano respecto dos anteriores anos, engadindo ademais que o servizo carece de medios persoais para acometer este aumento da demanda.

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.

De acordo co informado pola técnica de Benestar Social o aumento de gasto que implica a modificación contractual pode imputarse á partida 463.2.227.06.02. O importe a incrementar cuantifícase en 48.000 euros.

Por iso, proponse a adopción do seguinte acordo:

Modifica-lo contrato da prestación dos servizos de atención domiciliaria á Infancia subscrito coa Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo por acordo da Xunta de Goberno de 04-07-2005 no sentido de aumentar o gasto do contrato en 48.000 euros que se imputarán á partida 463.2.227.06.02 (24.000 euros no ano 2006 e 24.000 euros no ano 2007).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1190).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (SADI) POR UN ANO. EXPTE. 2457/224.

Este expediente incluíuse por erro na orde do día.

20(1191).- CONTRATACIÓN DE TRES AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, POLO PERÍODO DE TRES MESES, PARA OS SERVIZOS DE ADMÓN. DE TRIBUTOS E DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 16635/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.08.06 e de acordo co informe-proposta do técnico de organización da Unidade de Persoal, do 28.08.06, conformado pola xefa de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1.-º Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar dous contratos laborais temporais de auxiliares administrativas baixo a modalidade de acumulación de tarefas, contrato eventual por circunstancias da produción, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, por un período de tres meses (prorrogable por outros tres), coas seguintes candidatas que figuran incorporadas á lista de substitucións que se reflicten nas actas da convocatoria para a contratación temporal de persoal auxiliar do Organismo autónomo Parque das Ciencias Vigo-Zoo, publicadas no BOP de 23 de maio de 2006.:

- D^a.AUREA DE LAS MERCEDES CERVIÑO MONTENEGRO, N.I.F. 36.101.950-T
- D^a. EVA PEREIRA FONTAN N.I.F 36.148.357-Q

O referido persoal prestará ós servizos propios da súa categoría profesional nos diferentes servizos municipais demandantes das contratacións propostas, percibindo como retribucións o importe do soldo,

retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138 da Relación de postos de traballo vixente.

Con carácter previo á formalización dos correspondentes contratos as aspirantes deberán acreditar a correspondente titulación esixida para participar na convocatoria anteriormente referida

2º.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación oferta xenérica dun auxiliar administrativo/a, para que sexan remitidos/as vinte candidatos/as que responden ás seguintes características:

Titulación esixida: Graduado Escolar, FP-1 rama administrativa ou equivalente, sendo indispensable, posuír coñecementos de ofimática (Microsoft Office).

3º.- Que por unha comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro/a en quen delegue –que actuará como Presidente/a-, un administrativo ou auxiliar de administración xeral do concello, un/unha funcionario/a municipal designado polo Comité de Persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar) e a Xefa da Unidade de Persoal ou técnico/a en quen delegue –que actuará como secretaria/o-, propoña un/unha candidato/a, co obxecto de formalizala contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos de ofimática (Microsoft Office), que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluínte se o/a candidato/a non obtén un mínimo de cinco puntos.

A Comisión propondrá para a contratación ó/a candidato/a que resulte seleccionado/a por orde de puntuación.

4º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contrato ó/a candidato/a proposto/ pola citada Comisión, sendo éste/a contratado/a baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138 da Relación de postos de traballo vixente

Con carácter previo á formalización do correspondente contrato a aspirante deberá acreditar a correspondente titulación esixida para participar na presente convocatoria“.

21(1192).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SOBRE PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVICIOS DE D. LUIS JAVIER MOSQUERA DOCAMPO, ADSCRITO NO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 16640/220.

Dáse conta da resolución de Alcaldía de data 28.07.06, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 15 de xuño de 2005, por resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, autorizouse unha comisión de servizos a D. Luis Javier Mosquera Docampo para cubri-la vacante de asesor xurídico existente no Servicio da Asesoría Xurídica municipal.

Mediante escrito dirixido a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de data 28 de xuño de 2006, solicitouse a prórroga da comisión de servizos, sendo informada favorablemente con data 4 de xullo seguinte polo Secretario Xeral e de Relacións institucionais, sendo dictada resolución polo Director xeral da función pública con data 17 de xullo polo que se autoriza dita prórroga por un ano a partir do día seguinte ó remate da autorización inicial.

Por isto, en uso das facultades que me confire o art. 21.1.h, da Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local,

RESOLVO:

Primeiro.- Prorroga-la comisión de servizos a D. Luis Javier Mosquera Docampo, DNI 34.932.108-F, funcionario de carreira da Xunta de Galicia, encadrado no corpo superior da Xunta de Galicia, grupo A, por un ano que rematará o 15 de xuño de 2007, como consecuencia da autorización da Dirección Xeral de Función Pública con efectos do día 1 de xullo de 2005.

Segundo.- O interesado continuará adscrito ó posto 49, Asesor xurídico, no servizo de Asesoría Xurídica, código 111.

A duración da presente prórroga de comisión de servizos será coma máximo por un ano, que rematará o 15 de xuño de 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

22(1193).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE DIVERSOS SERVICIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 16600/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.08.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 28.08.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 16.599,11 €; correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras e OSPIO, Seguridade, Parque Móbil, Educaición, Benestar Social,

Participación Cidadá, Estatística e Patrimonio e Contratación, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
4420	Limpeza	3.895,38
5110	Vias e obras e OSPIO	8.261,12
2220	Seguridade	2.352,96
1212	Parque Móbil	696,83
4220	Educación	875,14
3130	Benestar Social	46,02
4631	Participación Cidadá	97,38
5510	Estatística	83,41
1211	Patrimonio e Contratación	290,87
	TOTAL	16.599,11

23(1194).- ALEGACIÓNS AS BASES DA OFERTA DE EMPREGO DO ANO 2005. EXPTE. 16582/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta de acordo da xefa da Unidade de Persoal de data 20.07.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/03/2006 foron aprobadas as bases xerais e específicas rectoras da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005 (expediente nº 16.338/220). No mesmo acordo a Xunta de Goberno Local consignou o prazo legal de 1 mes para a presentación de recurso potestativo de reposición.

2. Publicado anuncio no Boletín Oficial da Provincia de data 09/06/2006, teñen sido presentadas en prazo as alegacións seguintes:

- Alegacións presentadas polo Comité de Persoal en data 15/06/2006 (documento nº 60066715).
- Alegacións presentadas por José Antonio España Piñeiro o 16/06/2006 (documento nº 60067140).
- Alegacións presentadas polo sindicato Comisións Obreiras (CCOO) en data 28/06/2006 (documento nº 60071706).
- Alegacións presentadas por Iolanda Alonso Regueiro en data 04/07/2006 (documento nº 60074203).
- Alegacións presentadas por Fernando Solveira de la Fuente e Emilio Dias de la Iglesia en data 04/07/2006 (documento nº 60074005).
- Alegacións presentadas por Gustavo Conde Pereira en data 06/07/2006 (documento nº 60075114).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. Os diversos escritos de alegacións presentados e referidos nos antecedentes non teñen sido presentadas como recursos de reposición; nembargantes, en aplicación dos artigos 110, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei

4/1999, poden entenderse como tales, dado que o erro na calificación do recurso por parte dos recorrentes non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

II. Como matización previa, cómpre salientar que en data 16 de abril do 2006 a Mesa Xeral de Negociación debateu sobre o documento relativo ás bases xerais e específicas da oferta de emprego público correspondente ao ano 2005, como así consta na correspondente acta asinada pola totalidade dos asistentes, da que consta fotocopia no presente expediente; de modo tal que todos aqueles aspectos que se atopan negociados vinculan directamente ás partes segundo consigna o artigo 35 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, reguladora dos órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

III. En relación co fondo do asunto, parece necesario diferenciar entre alegacións que deben ser estimadas e alegacións que deban ser desestimadas:

-Alegacións que deben ser estimadas:

Alegación primeira das presentadas polo Comité de Persoal do Concello, relativa á base 6ª das xerais, dado que se trata dun erro material ou de feito, susceptible de corrección ao abeiro do disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Así, onde di “para persoal laboral e por promoción interna” haberá de dicir “para persoal laboral por promoción interna”.

Alegación cuarta, relativa ás bases específicas rectoras das prazas de auxiliar de administración xeral, en canto ao primeiro exercicio, tamén debido a un erro material, aritmético ou de feito rectificable consonte ao artigo 105.2 da Lei 30/1992, de xeito tal que onde di que o primeiro exercicio constará de un exame tipo test de 40 preguntas, haberá de dicir “exame tipo test de 30 preguntas”, segundo o acordado pola Mesa Xeral de Negociación en sesión de data 16/03/2006,

Alegación quinta, en canto ás prazas de subalterno reservadas para persoas con discapacidade psíquica, dado que nin na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, nin no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, se establece diferenza algunha para o acceso á función pública entre as persoas con discapacidades físicas e as persoas con discapacidades psíquicas, sempre que teñan recoñecido e acreditado un grado de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Por idénticos motivos, a alegación presentada por Gustavo Conde Pereira en data 06/07/2006 (documento nº 60075114) debe ser estimada.

Alegacións sétima e oitava, referidas ao requisito de non sobrepasar a idade de 30 anos para o acceso pola quenda libre ás prazas de cabo e sarxento do corpo da Policía Local, fundamentada en que a correcta interpretación do artigo 22 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de Coordinación das Policía Locais de Galicia que realiza o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia entende que o “posto basico” non é o posto de primeiro ingreso, senón o posto máis baixo xerárquicamente do Corpo da Policía Local, que neste caso é o de garda, e que xeralmente é o posto de ingreso. Deste xeito, nas bases específicas das prazas de cabo e sarxento haberá de suprimirse o devandito límite de idade en 30 anos, quedando como único requisito o de ter 18 anos cumpridos.

Alegacións decimoprimeira, duodécima e decimocuarta, referidas á promoción interna, e en relación á substitución da esixencia de titulación pola antigüidade de 10 anos no grupo D, xa que consonte á Disposición adicional novena do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento xeral de Ingreso, do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, provisión de postos de traballo e promoción profesional -de aplicación supletoria

ao persoal ao servizo da Administración Local- o acceso a corpos ou escalas do grupo C poderá levarse a cabo a través da promoción interna dende corpos ou escalas do grupo D da área de actividade ou funcional correspondente, cando éstas existan; a tales efectos se requirirá a titulación establecida no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, ou unha antigüidade de 10 anos no Corpo ou escala do grupo D.

Consecuentemente, compriría engadir na totalidade das prazas de promoción interna exclusivamente do grupo D ao C o requisito adicional da antigüidade de 10 anos referida.

Por idénticos motivos, cómpre estimar a alegación primeira efectuada por Fernando Solveira de la Fuente e Emilio Dias de la Iglesia en data 04/07/2006 (documento nº 60074005), así como a alegación segunda formulada polo sindicato Comisións Obreiras (CCOO) en data 28/06/2006 (documento nº 60071706).

Alegación decimosexta, en canto ao exercicio tipo test da praza de oficiais de oficios, onde di 20 preguntas, efectivamente deben ser 30 preguntas para as probas tipo test do grupo D, segundo o acordado pola Mesa Xeral de Negociación en sesión de data 16/03/2006, polo que, tratándose dun erro material, aritmético ou de feito, debe ser corrixido en atención ao xa citado artigo 105.2 da Lei 30/1992.

Alegación decimoséptima, referida ao número de temas recollidos para o acceso á praza de oficial de limpeza, onde figuran 5 temas, debendo ser 8 temas para a promoción interna ao grupo D, tal e como acordou a Mesa Xeral de Negociación en sesión de data 16/03/2006; por tanto, procede a súa corrección ex artigo 105.2 da Lei 30/1992.

Por parte desta Unidade de Persoal estímase oportuno incluír na Base 17ª (incidencias) a previsión da denominada "promoción interna horizontal", en aplicación do disposto no artigo 24 do Decreto 93/91, do 20 de marzo, do Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Promoción Profesional e Promoción Interna, consistente no acceso a distinto corpo ou escala dentro do mesmo grupo de titulación, sempre que se cumpran os requisitos legalmente previstos na normativa en materia de función pública que resulte de aplicación (Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública e normas de concordante aplicación).

-Alegacións que deben ser desestimadas:

Alegacións presentadas por José Antonio España Piñeiro o 16/06/2006 (documento nº 60067140), toda vez que o alegante –previa exposición dunha situación de carácter estritamente persoal que non é obxecto das bases rectoras da Oferta de emprego público como é a adaptación do posto de traballo que ocupa debido a circunstancias de carácter físico, situación debidamente considerada polo Xefe do Servizo correspondente, de xeito tal que ao traballador non se lle encomenda traballo algún cuxa realización lle sexa imposible- non reúne os requisitos para optar á praza denominada “inspector auxiliar de concesionarias”, pertencente ao grupo D de titulación, escala de administración especial, subescala servizos especiais, reservándose para promoción interna entre persoal funcionario.

O disposto no artigo 22 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, únicamente ten carácter básico en canto ao seu apartado primeiro, de xeito tal que o párrafo segundo citado polo alegante non pode ser de aplicación directa ao suposto concreto, por non ter carácter básico e por tratarse de materia de competencia autonómica.

Na vixente Lei galega 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, en redacción dada pola Lei 3/1995, únicamente se contempla a funcionarización do persoal laboral fixo con carácter excepcional, en tres convocatorias consecutivas que tiveron lugar na década dos anos 90, no cal o persoal contratado en réxime laboral pola Xunta de Galicia no inicio do seu funcionamento tivo a posibilidade de optar a prazas reservadas para persoal funcionario, como así manifestou o Servizo de Selección e Provisión de Postos de Traballo da Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia.

Dado que o persoal laboral fixo está sometido nos seus dereitos, obrigas e contido do vínculo contractual ao réxime xurídico laboral –o cal se rexe por principios informadores e rectores ben diferentes aos aplicables para o persoal

funcionario, sen prexuízo dos instrumentos de negociación colectiva que resulten de aplicación- e á vista das normas legais invocadas, non resulta estimable a alegación formulada.

Por idénticos motivos debe ser desestimada a alegación decimonovena, último parágrafo, das presentadas polo Comité de Persoal en data 15/06/2006 (documento nº 60066715), así como a alegación primeira formulada polo sindicato Comisi3ns Obreiras (CCOO) en data 28/06/2006 (documento nº 60071706).

Alegación segunda efectuada por Fernando Solveira de la Fuente e Emilio Dias de la Iglesia en data 04/07/2006 (documento nº 60074005) referida ao número de temas para a promoción interna. Se ben é certo que o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, establece un mínimo de 40 temas para o ingreso ao grupo C (precepto que parece pensado para o ingreso na función pública e non para a promoción interna) tamén é certo que a Lei 30/1984, do 2 de agosto recolle como obriga para as Administracións Públicas o fomento da promoción interna (artigo 22).

O número de temas para a promoción interna foi acordada pola Mesa Xeral de Negociación en data 16 de abril do 2006, a petición unánime de todos os sindicatos integrantes da mesma, polo que tal motivo debe ser desestimado.

Alegación terceira efectuada por Fernando Solveira de la Fuente e Emilio Dias de la Iglesia en data 04/07/2006 (documento nº 60074005), en relación ás catro vacantes ofertadas de sarxento de extinción de incendios; alegación que debe ser desestimada, xa que a transformación alegada foi negociada na Mesa Xeral de Negociación previa á aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005, efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2005, acto administrativo que a data de hoxe non consta que teña sido recorrido en prazo, gozando en consecuencia da esencial característica da firmeza e executividade recollida nos artigos 56, 57 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Tal alegación debe ser desestimada.

Alegacións efectuadas por Iolanda Alonso Regueiro en data 04/07/2006 (documento nº 60074203), relativa á valoración dos exercicios de lingua galega, que deben ser desestimadas, dado que a totalidade das prazas ofertadas conteñen como exercicio obrigatorio un exame de lingua galega, co que se acreditará suficientemente o coñecemento e manexo da mesma nas condicións legalmente establecidas para ámbito territorial galego, a excepción daquelas reservadas á promoción interna, por teren acreditado os posibles aspirantes coñecementos na proba de ingreso.

Alegación segunda efectuada Comité de Persoal en data 15/06/2006 (documento nº 60066715) solicitando que naqueles postos nos que existan funcionarios interinos o sistema de selección sexa o do concurso-oposición; alegación que debe ser desestimada, por contrariar os esenciais principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso á función pública (artigos 14 e 103.3 da Constitución de 1978), xa que non debe existir diferenza entre os /as aspirantes interinos e os que non o son, posto que a condición de funcionario interino non é susceptible de xenerar dereitos adquiridos; asemade, lémbrese que na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 16/03/2006, e a proposta da Unidade de Persoal, pactouse con todos os representantes sindicais asistentes que o sistema de selección para o ingreso á función Pública no Concello de Vigo sexa o de oposición libre con carácter xeral, precisamente por ser o máis garantista cos citados principios, a excepción do que se dispoña nas bases específicas para cada praza.

Alegación terceira efectuada Comité de Persoal, relativa á que os exames deberán ser anónimos, por estar xa expresamente prevista na Base 17ª das xerais (incidencias) onde, en cumprimento do negociado na Mesa Xeral, se consignou expresamente que o tribunal habrá de procurar, na medida do posible, o anonimato dos /as aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas.

Alegación sexta efectuada polo Comité de Persoal sobre o temario da praza de enxeñeiro industrial, dado que o temario foi proporcionado polo Xefe do Servizo correspondente, e en relación ao cal pode dicirse que abarca todas as áreas de coñecemento que debe manexar un enxeñeiro industrial nun Concello, polo que debe ser desestimada.

Alegación novena efectuada polo Comité, no senso de facer constar que na valoración de méritos para as prazas de sarxento e cabo da Policía Local se inclúa o texto “informe debidamente motivado” na valoración profesional dos méritos; debe ser desestimada, xa que a táboa de valoración de méritos foi literalmente extraída do anexo ao Decreto 204/2000, do 21 de xullo, de desenvolvemento da Lei de Coordinación das Policía Local de Galicia, onde regulamentariamente se recolle o baremo de méritos e os requisitos para a valoración dos mesmos. Nembargantes, pode engadirse á Base 17ª das xerais (incidencias) a previsión de que cando nas bases específicas se contemple a necesidade de emisión de informes polo xefe do Servizo, éstos deban estar debidamente xustificadas e motivadas. En canto ao resto dos aspectos contidos na propia alegación, desestímase por non atoparse xustificación algunha para a súa estimación, dada a súa escasa fundamentación.

Alegación décima presentada polo Comité de Persoal en relación á praza de arqueólogo, aspecto que foi tratado na Mesa Xeral de Negociación, onde se informou que, segundo a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (RPT) –aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005, e que ten natureza xurídica de norma regulamentaria de alcance limitado e interno- se esixe como titulación para o desempeño do posto de traballo de arqueólogo titulación específica de licenciado en Xeografía e Historia, ou licenciado en Historia, esixíndose formación específica en arqueoloxía, polo que debe ser desestimada por ter sido negociado e por contrariar o esixido na vixente RPT.

Alegación duodécima, apartado segundo, presentada polo Comité de Persoal, sobre a praza de programador informático, en relación á cal cómpre sinalar que na Unidade de Persoal foron utilizados os temarios específicos proporcionados polas distintas xefaturas dos servizos, dada a complexidade técnica de certas materias. No presente caso, e toda vez que razoablemente parece que o temario se axusta ás necesidades do posto de traballo, desestímase a alegación efectuada.

Alegación decimoquinta presentada polo Comité, referida á supresión da proba de paleado de area nas prazas de bombeiro, toda vez que é unha proba cuxo mantemento nas bases se demanda polo Servizo de Extinción de Incendios.

Alegación decimosexta presentada polo Comité de Persoal, a cal debe ser desestimada dado que a Disposición adicional novena do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento xeral de Ingreso xa citado unicamente contempla que o acceso a corpos ou escalas do grupo C poderá levarse a cabo a través da promoción interna dende corpos ou escalas do grupo D da área de actividade ou funcional correspondente, substituindo a esixencia de titulación por unha antigüidade de 10 anos no Corpo ou escala do grupo D, non prevendo os restantes supostos de promoción interna.

Alegación decimonovena, onde se propón a redución do temario das prazas reservadas a promoción interna, que debe ser desestimada por ter sido negociados un número concreto de temas na Mesa Xeral de Negociación.

Alegacións segunda e seguintes das presentadas polo sindicato Comisiones Obreiras (CC OO) toda vez que se trata de aspectos negociados na Mesa Xeral de Negociación celebrada ao efecto, quedando suficientemente claro nas bases que o tribunal haberá de garantir a transparencia dos procesos selectivos; en relación coas probas físicas para as prazas de bombeiro e conductor-bombeiro, lémbrese que se elaboran sempre a proposta das xefaturas de servizo correspondentes, asemade, a petición do devandito sindicato, a Mesa Xeral de Negociación acordou a inclusión dunha proba de vértigo.

III. Vistas a competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das bases da oferta de emprego público, recollidas no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medids para a Modernización do Goberno Local, sométes ao criterio do devandito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Comité de Persoal en data 15/06/2006 (documento nº 60066715); alegacións presentadas polo sindicato Comisións Obreiras (CCOO) en data 28/06/2006 (documento nº 60071706); alegacións presentadas por Fernando Solveira de la Fuente e Emilio Dias de la Iglesia en data 04/07/2006 (documento nº 60074005) e alegacións presentadas por Gustavo Conde Pereira en data 06/07/2006 (documento nº 60075114) en relación co acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/03/2006, aprobatorio das Bases xerais e específicas rectoras da oferta de emprego público correspondente ao ano 2005, realizando en consecuencia as seguintes modificacións nas mesmas:

- Base 6ª das xerais: onde di “para persoal laboral e por promoción interna” haberá de dicir “para persoal laboral de promoción interna”.
- Bases específicas rectoras das prazas de auxiliar de administración xeral: onde di que o primeiro exercicio constará de un exame tipo test de 40 preguntas, haberá de dicir “exame tipo test de 30 preguntas”.
- Bases específicas rectoras das prazas de subalerno reservadas para persoas con discapacidade psíquica, onde haberá de dicir “discapacidade física ou psíquica igual ou superior ao 33%”.
- Bases específicas rectoras das prazas de cabo e sarxento do corpo da Policía Local: onde di “ter 18 anos cumpridos en non sobrepasar os 30” haberá de dicir únicamente “ter 18 anos cumpridos.”
- Base nº 17 das xerais: engádense os seguintes parágrafos:
 - a) “Na totalidade das prazas reservadas á promoción interna exclusivamente do grupo D ao C esixirase a titulación establecida no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, ou unha antigüidade de 10 anos no Corpo ou escala do grupo D.”
 - b) “Cando nas bases específicas se contemple a necesidade de emisión de informes polo xefe do servizo, éstos haberán de estar debidamente xustificadas e motivadas.”
 - c) “En aplicación do disposto no artigo 24 do Decreto 93/91, do 20 de marzo, do Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Promoción Profesional e Promoción Interna, permítese a promoción interna tanto a corpos ou escalas pertencentes a grupo de titulación superior, como a promoción interna horizontal a distinto corpo ou escala dentro do mesmo grupo de titulación, sempre que se cumpran os requisitos legalmente previstos na normativa en materia de función pública que resulte de aplicación”.
- Bases específicas das prazas encadradas no grupo D: en relación ao exame tipo test, onde di “20 preguntas”, debe dicir “30 preguntas”.
- Bases específicas das prazas de oficial de limpeza: en canto á quenda de promoción interna, onde figuran 5 temas deben figurar 8 temas.

SEGUNDO.- Desestimar as restantes alegacións presentadas, en atención aos fundamentos xurídicos expresados.

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia a efectos do cumprimento do preceptivo trámite de publicidade.

CUARTO.- Ordenar que pola Unidade de Persoal se proceda á inclusión das rectificacións pertinentes que sexan consecuencia do presente acordo.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer únicamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do mesmo, nos supostos, termos e condicións o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Así mesmo, dáse conta da ampliación de informe da xefa da Área de Réxime Interior, de data 1.09.06, que di como se transcribe de seguido:

Con data 4 de agosto de 2006 foi presentado no Rexistro Xeral, escrito do Presidente do Comité de Persoal, D. Antonio Juste Iglesias, (doc, núm. 60085067), no que se comunica que na sesión permanente do Comité de Persoal, de data 2 de agosto de 2006, por unanimidade de tódolos sindicatos, adoptouse acordo de retirar a alegación presentada á Oferta de Emprego Público do 2005, no referente á praza de subalterno.

Así mesmo, con data 31 de agosto de 2006, foi presentada no Rexistro Xeral por D. Gustavo Conde Pereira, escrito co núm. 60092004, no que manifesta que quere retirar a alegación que presentara con data 06/07/2006, contra as bases da oposición de subalterno.

En consecuencia, remítese o presente expediente de “alegacións contra as bases da Oferta de Emprego Público do ano 2005” á Xunta de Goberno Local para a adopción do acordo a que se refire o informe-proposta obrante no expediente da Xefa da Unidade de Persoal, conformado polo concelleiro-delegado da área, de data 20 de xullo de 2006; coa única salvedade de que o apartado relativo ás bases específicas rectoras das prazas de subalterno, que se manteñen coa súa redacción orixinal que consta no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/03/06 polo que se aprobaron as bases xerais e específicas relativas á Oferta de Emprego Público do ano 2005, por ter sido retiradas as alegacións presentadas a dito apartado.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda prestalle a súa aprobación ás propostas incluídas en ditos informes, adoptando, en consecuencia, o seguinte acordo:

1º.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Comité de Persoal en data 15/06/2006 (documento nº 60066715); alegacións presentadas polo sindicato Comisións Obreiras (CCOO) en data 28/06/2006 (documento nº 60071706) e alegacións presentadas por Fernando Solveira de la Fuente e Emilio Dias de la Iglesia en data 04/07/2006 (documento nº 60074005) en relación co acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/03/2006, aprobatorio das Bases xerais e específicas rectoras da oferta de emprego público correspondente ao ano 2005, realizando en consecuencia as seguintes modificacións nas mesmas:

- Base 6ª das xerais: onde di “para persoal laboral e por promoción interna” haberá de dicir “para persoal laboral de promoción interna”.

- Bases específicas rectoras das prazas de auxiliar de administración xeral: onde di que o primeiro exercicio constará de un exame tipo test de 40 preguntas, haberá de dicir “exame tipo test de 30 preguntas”.
- Bases específicas rectoras das prazas de cabo e sarxento do corpo da Policía Local: onde di “ter 18 anos cumpridos en non sobrepasar os 30” haberá de dicir únicamente “ter 18 anos cumpridos.”
- Base nº 17 das xerais: engádense os seguintes parágrafos:
 - a) “Na totalidade das prazas reservadas á promoción interna exclusivamente do grupo D ao C esixírase a titulación establecida no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, ou unha antigüidade de 10 anos no Corpo ou escala do grupo D.”
 - b) “Cando nas bases específicas se contemple a necesidade de emisión de informes polo xefe do servizo, éstos haberán de estar debidamente xustificadas e motivadas.”
 - c) “En aplicación do disposto no artigo 24 do Decreto 93/91, do 20 de marzo, do Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Promoción Profesional e Promoción Interna, permítase a promoción interna tanto a corpos ou escalas pertencentes a grupo de titulación superior, como a promoción interna horizontal a distinto corpo ou escala dentro do mesmo grupo de titulación, sempre que se cumpran os requisitos legalmente previstos na normativa en materia de función pública que resulte de aplicación”.
- Bases específicas das prazas encadradas no grupo D: en relación ao exame tipo test, onde di “20 preguntas”, debe dicir “30 preguntas”.
- Bases específicas das prazas de oficial de limpeza: en canto á queda de promoción interna, onde figuran 5 temas deben figurar 8 temas.

2º.- Desestimar as restantes alegacións presentadas, en atención aos fundamentos xurídicos expresados.

3º.- Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia a efectos do cumprimento do preceptivo trámite de publicidade.

4º.- Ordenar que pola Unidade de Persoal se proceda á inclusión das rectificacións pertinentes que sexan consecuencia do presente acordo.

Contra o presente acordo poderase interpoñer únicamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do mesmo, nos supostos, termos e condicións o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

24(1195).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ASOCIACIÓN S DE COMERCIANTES DE PRÍNCIPE E O CALVARIO PARA REGULAR APORTACION S ECONÓMICAS A DITAS ASOCIACIÓN S PARA INVERSIÓN S EN ZONAS PEONÍS E COMERCIAIS. EXPTE. 1953/104.

Examinadas as actuación s do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 23.08.06, conformado pola concelleira de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre a Concellería de Turismo e Comercio e as Asociación s de Comerciantes de Príncipe e Calvario, en virtude do que as devanditas asociación s aboarán ó Concello de Vigo, a Asociación de Comerciantes de Príncipe comprométese a ingresar a cantidade de 4.350 euros e a Asociación de Comerciantes do Calvario a cantidade de 4.563,60 euros, en concepto de contribución para o financiamento do proxecto de renovación estética das rúas comerciais, que executará o Concello de Vigo con subvención s da Consellería de Innovación e Industria.

2º.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da lei de Contratos das Administración s Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade ou contrato menor se procedese por razón de contía, dado que Consellería de Innovación e Industria esixe que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 31 de outubro de 2006”.

*CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE
COMERCIANTES DO CALVARIO*

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concellera delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.

Doutra, Dona Encarna Álvarez García, Presidenta da Asociación de Comerciantes do Calvario, con enderezo na rúa San Roque, 109 de Vigo e con CIF: G-36.661.536

MANIFESTAN

Que en virtude da Orde do 10 de marzo de 2006, publicada no Diario Oficial de Galicia o 22 de marzo do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvención s a corporación s locais para actuación s de vertebración do comercio urbano, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de

Comerciantes do Calvario, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de renovación estética de zonas comerciais, incluído no Plan de Dinamización Comercial da Concellería de Comercio.

Que o pasado día 9 de agosto foi remitido ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, con data de entrada no Rexistro Xeral de 17 de agosto de 2006, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención por unha contía total de 10.648,40 € para a vertebración do comercio urbano no ámbito de influencia da devandita asociación, correspondente ó 70% do total do investimento programado.

Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes do Calvario, conveñen as seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 10 de marzo de 2006, a Concellería de Comercio presentou proxecto de renovación estética de zonas comerciais, para proceder á decoración urbana mediante xardiñeiras colgantes das principais rúas comerciais que se insiren no ámbito de influencia da Asociación de Comerciantes do Calvario.

A Consellería resolve conceder unha subvención para o devandito investimento de 10.648,40 €.

SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para este proxecto supón o 70% do investimento total previsto, que ascende a 15.212 euros, a ASOCIACION DE COMERCIANTES DO CALVARIO, comprométese a través deste convenio a asumir a totalidade do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.

TERCEIRA.- A subvención concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución de data 9 de agosto de 2006, ascende a un total de 10.648,40 euros.

CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes de Calvario, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 1 de outubro de 2006 a cantidade de 4.563,60 euros, en concepto da súa aportación, ó 30 % do total, para cubrir o resto do investimento previsto para o proxecto.

QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes do Calvario de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.

SEXTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adxudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.

SETIMA.- O Concello de Vigo comprométese, asemade, á colocación e mantemento dos elementos de decoración que se instalen nas rúas (xardiñeiras colgantes).

OITAVA.- Os Comerciantes do Calvario se comprometen, pola súa parte, ó rego, mantemento e reposición das plantas que se coloquen nas xardiñeiras anteditas.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,...

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE COMERCIANTES DE PRÍNCIPE

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.

Doutra, D. Candido Rial Covelo, Presidente da Asociación de Comerciantes de Príncipe, con enderezo na rúa Príncipe, 51 de Vigo e con CIF: G-36.636.942

MANIFESTAN

Que en virtude da Orde do 10 de marzo de 2006, publicada no Diario Oficial de Galicia o 22 de marzo do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actuacións de vertebración do comercio urbano, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Comerciantes de Príncipe, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de renovación estética de zonas comerciais, incluído no Plan de Dinamización Comercial da Concellería de Comercio.

Que o pasado día 9 de agosto foi remitido ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, con data de entrada no Rexistro Xeral de 17 de agosto de 2006, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención por unha contía total de 10.150 € para a realización do proxecto de renovación estética nas rúas comerciais no ámbito de influencia da devandita asociación, correspondente ó 70% do total do investimento programado.

Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes de Príncipe, conveñen as seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 10 de marzo de 2006, a Concellería de Comercio presentou proxecto de renovación estética de zonas comerciais, para proceder á decoración urbana mediante xardiñeiras colgantes das principais rúas comerciais que se insiren no ámbito de influencia da Asociación de Comerciantes de Príncipe.

A Consellería resolve conceder unha subvención para o devandito investimento de 10.150 €.

SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para este proxecto supón o 70% do investimento total previsto, que ascende a 14.500 euros, a ASOCIACION DE COMERCIANTES DE PRÍNCIPE, comprométese a través deste convenio a asumir o total do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.

TERCEIRA.- A subvención concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución de data 9 de agosto de 2006, ascende a un total de 10.150 euros.

CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes de Príncipe, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 1 de outubro de 2006 a cantidade de 4.350 euros, en concepto da súa aportación, ó 30 % do total, para cubrir o resto do investimento previsto para o proxecto.

QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes de Príncipe de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.

SEXTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adjudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.

SETIMA.- O Concello de Vigo comprométese, asemade, á colocación e mantemento dos elementos de decoración que se instalen nas rúas (xardiñeiras colgantes).

OITAVA.- Os Comerciantes de Príncipe se comprometen, pola súa parte, ó rego, mantemento e reposición das plantas que se coloquen nas xardiñeiras anteditas.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,...

25(1196).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE PDU PUERTA BLANCA S.L. POLAS OBRAS DE CANALIZACIÓN NA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA. EXPTE. 49991/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 24.08.06, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

Con data 15 de febreiro de 2006, este Departamento , condiciona a autorización obxeto do presente, a constitución dun aval ou depósito en metálico da cantidade de 187,45 Euros, polos danos que pudesan ocasionarse o patrimonio municipal. Unha vez ingresado o mesmo na Tesorería Municipal e rematados os traballos solicitados, o interesado solicitou a devolución da fianza depositada en data 30/06/06.

O Enxeñeiro Técnico , en data 09/08/2006, reseña que as obras foron executadas correctamente, procedendo a informar favorablemente a devolución do aval solicitado.

Polo que PROPONSE:

Proceder á devolución da fianza de 187,45 Euros , a PDU PUERTA BLANCA S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

27(1197).- MODIFICACIÓN ÁS BASES PARA O CONCURSO DE IDEAS DO PROGRAMA DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NA CONVOCATORIA 2006-2007 DA CONCELLERÍA DA MULLER. EXPTE. 2431/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica do Departamento da Muller, do 1.09.06, conformado pola concelleira delegada da Muller, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de Vigo na sesión ordinaria do 29 de maio de 2006, acordou a aprobación das Bases do Concurso de Ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2006/2007 da Concellería da Muller (expte: 2431/224).

Esta actividade consiste nun programa de formación e animación sociocultural que a concellaría da muller en colaboración coas asociacións de mulleres de ámbito parroquial ou de barrio de Vigo ofrece ás mulleres adultas de Vigo no periodo de outubro de 2006 a xuño de 2007 nos locais das propias asociacións adheridas.

O aprovisionamento de programas e do persoal que os execute realízase seguindo as seguintes fases:

- a) Convocatoria do concurso de ideas no que as persoas interesadas presentarán as súas propostas.*
- b) Selección das propostas, de acordo cos criterios de selección da cláusula sexta das bases, pola comisión de selección e seguemento do programa, constituída de acordo coas especificacións da cláusula quinta das bases.*
- c) Oferta das actividades seleccionadas ás asociacións da muller adheridas ao programa e selección por estas das que se realizarán en cada asociación e cuatrimestre.*
- d) Adxudicación dos proxectos segundo as prioridades establecidas polas asociacións e vocalías da muller.*
- d) Contratación dos proxectos seleccionados ao abeiro dos art. 201 ou 210 do Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos ao non poder exceder o contrato dunha contía de 30.050,61 €.*
- e) Desenvolvemento da actividade e da avaliación do programa.*

As destinatarias destas intervencións son as mulleres adultas de Vigo, que se matriculan nas vocalías ou asociacións de mulleres adheridas ao programa.

Durante o prazo sinalado no anuncio da Oficina da Muller, para a presentación de proposicións, publicado no BOP nº112 de data 13 de xuño do presente ano, e que rematou o día 3 de xullo presentáronse un total de 41 ofertas.

O día 24 de agosto de 2006 ás 10,00 horas constituíuse a comisión de preselección de proxectos do concurso de ideas, segundo o previsto na cláusula Quinta. Na devandita xuntanza a comisión procede a valorar a documentación e a titulación presentada en cada oferta e a preseleccionar os proxectos que serán ofertados ás asociacións e vocalías da muller adheridas ao programa.

O departamento da muller procede a enviar a cada unha das entidades participantes a documentación necesaria para solicitar as 60 horas de formación entre os cursos ofrecidos nun prazo comprendido entre o día 1 e 7 de setembro.

O día 31 de agosto a Federación Veciñal “Eduardo Chao” remite a esta unidade xestora un escrito no que manifesta a súa disconformidade co estipulado no punto c) da base novena do programa (anexo V) onde dí: “queda totalmente prohibido cobrarlles ás alumnas ningunha cantidade (pertenzan ou non á asociación) en concepto de matrícula, gastos de local, consumos, equipamento, etc. As alumnas só sufragarán o custe do material que poida ter o curso”. A argumentación da Federación Veciñal fundaméntase en que o programa leva máis de 15 anos en funcionamento con éxito, pero que a execución destas actividades supón un gasto para cada asociación participante en materia de subministro, limpeza, mantemento e administración e que as asociacións dependen dos seus propios ingresos para manter as instalacións que se empregan para estes usos. Así, o cobro dunha cota, de modo simbólico, é unha práctica habitual e precisa para desenvolver estes cursos e compensar os gastos derivados deles.

Propoñen ao Concello a modificación das bases do programa no tocante á prohibición de cobrar cotas ás alumnas participantes e propoñen o cobro dunha cota de 7.-€ por alumna, aplicable a todas as alumnas.

Logo de oír a proposta e a argumentación da Federación veciñal a oficina da muller convoca con carácter de urxencia á Comisión de valoración e seguimento do programa, para o día 1 de setembro ás 11,30 horas. Logo de debatir a proposta as integrantes da comisión (con ausencia por vacacións da Concelleira delegada da muller e a Vicepresidenta do Consello Municipal da Muller) acordan modificar as bases do programa no tocante á prohibición de cobrar cotas ás alumnas por parte de cada asociación e aproban o seguinte extremo: cada asociación poderá cobrar un máximo de 7 € por alumna en concepto de matrícula para sufragar os gastos que se derivan dos cursos do programa aplicable a todas as alumnas sexan ou non socias da entidade.

Tal e como establece a Base Oitava “... A Xunta de Goberno Local ten a potestade para deixar deserto o concurso, en todo o en parte, se os proxectos non satisfacen plenamente ós obxectivos municipais en materia de promoción da muller recollidos na programación. Tamén está facultada para resolver as eventualidades non previstas nestas bases.

Tendo en conta que a Federación Veciñal aglutina a 33 das 55 asociacións participantes e que sen a súa colaboración non é posible desenvolver o programa con éxito e valorando que a modificación do apartado c) da cláusula novena (Anexo V) do programa non afecta ao proceso de concurso de ideas do programa, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- A modificación do apartado c) da cláusula novena (anexo V) das bases do programa do Concurso de Ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2006-07 da concellería da muller, substituíndoo por: cada asociación poderá cobrar un máximo de 7 € por alumna en concepto de matrícula para sufragar os gastos que se derivan dos cursos do programa aplicable a todas as alumnas sexan ou non socias da entidade.

2º.- A eliminación do apartado c) da cláusula décimo primeira (anexo V) das bases onde se establece como causa de suspensión dos proxectos cobrar cantidade algunha ás alumnas por ningún concepto.”

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Modificar o apartado c) da cláusula novena (anexo V) das bases do programa do Concurso de Ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2006-07 da concellería da muller, substituíndoo por: cada asociación poderá cobrar un máximo de 7 € por alumna en concepto de matrícula para sufragar os gastos que se derivan dos cursos do programa aplicable a todas as alumnas sexan ou non socias da entidade.

2º.- Eliminar o apartado c) da cláusula décimo primeira (anexo V) das bases onde se establece como causa de suspensión dos proxectos cobrar cantidade algunha ás alumnas por ningún concepto.

28(1198).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE PARA A CELEBRAICÓN DO 23 TORNEO CIDADE DE VIGO DE HOQUEI SOBRE PATÍNS 2006. EXPTE. 6325/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.08.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar o carácter de interese social do 23 Torneo Cidade de Vigo de Hóckey 2006, consonte no disposto no artigo 22 2c da LXS.

2º.- Aprobación do texto do convenio para a celebración do 23 Torneo Cidade de Vigo de Hóckey 2006, entre o Concello de Vigo e a Federación Galega de Patinaxe, que de seguido se transcribe.

3º.- Aprobar o gasto de 45.000€, a favor da entidade; Federación Galega de Patinaxe CIF: G-15070451. Con enderezo en Camiño de Pozos, 1 Vigo 36209. (c/c: 2080.0087 08 0040016583 con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente presuposto.

4º.- Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo as características especiais deste evento:

O 50% (22.500€) do importe total proposto, será abonado á Federación Galega de Patinaxe á sinatura do presente Convenio,, cara a poder afrontar os primeiros gastos de organización por parte da Federación Galega de Patinaxe.

O resto do importe abonarase directamente a entidade Federación Galega de Patinaxe CIF G-15070451, coa certificación e presentación de facturas orixinais polo importe total da cantidade prevista no presente Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE PARA A CELEBRACIÓN DO 23 TORNEO CIDADE DE VIGO DE HOQUEI SOBRE PATÍNS 2006

No Concello de Vigo, a de de dous mil seis.

Dunha parte: Dna. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E doutra: D. Julio Saenz Fernández, con DNI: 32.337.930 en nome e representación da Federación Galega de Patinaxe

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Torneo Cidade De Vigo de Hoquei sobre Patíns, que con grande éxito vense celebrando dende hai 22 edicións, o Excmo. Concello de Vigo e a Federación Galega de Patinaxe conveñen a realización do mesmo, nos seguintes termos:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2006; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

A Federación Galega de Patinaxe para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

SEGUNDA,- O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

2.1- Autorizar a organización do Torneo Cidade de Vigo de Hockei 2006 a Federación Galega de Patinaxe.

- 2.2.- *A cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante as datas de celebración do Torneo Cidade de Vigo de Hoquei sobre patíns.*
- 2.3.- *Aboar á Federación Galega de Patinaxe os gastos relacionados coa organización e celebración do Torneo por unha cantidade de 45.000€, con cargo á partida 4521.489.00.01 “ Convenios subvencións Actividades Deportivas” da Concellería de Deportes do vixente orzamento.*

O 50% (22.500€) do importe total proposto, será abonado á Federación Galega de Patinaxe á sinatura do presente Convenio,, cara a poder afrontar os primeiros gastos de organización por parte da Federación Galega de Patinaxe.

O resto do importe abonarase directamente a entidade Federación Galega de Patinaxe CIF G-15070451, coa certificación e presentación de facturas orixinais polo importe total da cantidade prevista no presente Convenio.

TERCEIRA.- A Federación Galega de Patinaxe, asume as seguintes obrigas:

- 3.1 Organizar o Torneo Cidade de Vigo de Hockey a Patíns no ano 2006.*
- 3.2 A organización comprométese a presentar un proxecto xeral de tódolos requisitos da organización con un mes de antelación a celebración do evento.*
- 3.3 Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento.*
- 3.4 En tódala información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*
- 3.5 A organización porá a disposición da Concellería de Deportes un mínimo de 1.000 invitacións para promover o evento entre os colexios da cidade.*
- 3.6 Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o galego como idioma oficial do Torneo Cidade de Vigo de Hockei.*
- 3.7 Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio*
- 3.8 Responder da veracidade dos datos da solicitude*

CUARTA : O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, cornprometéndose a Federación Galega de Patinaxe a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Torneo Cidade de Vigo de Hoquei sobre Patíns.

A Concellería de Deportes a través do Instituto Municipal dos Deportes aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da F.G. de Patinaxe da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedida a subvención, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

QUINTA: Así mesmo acordan que tódolos ingresos derivados de venda de entradas, así como calquera outro ingreso proveniente do referido Torneo Cidade de Vigo de Hoquei sobre patíns serán percibidos en beneficio da Federación Galega de Patinaxe.

SEXTA: O prazo de vixencia do devandito convenio é para a realización da 23 Edición do Torneo Cidade de Vigo de Hockei 2006.

SÉTIMA: A Concelleira de Deportes do Concello de Vigo queda facultada para solucionar posibles controversias da execución e interpretación do convenio.

OITAVA: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.

NOVENA: A F.G. de Patinaxe, debера comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do Torneo Cidade de Vigo de Hóckey sobre patíns.

DECIMA: A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa, segundo o previsto no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, acreditándose os gastos realizados mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente.

A conta xustificativa deberá incluír declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incurridos. Asemade, xunto coa xustificación deberá achegarse declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste Convenio.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de 3 meses, dende a finalización da actividade subvencionada, o técnico encargado procederá a emitir certificación da realización do evento e de conformidade coa conta xustificativa, previa ao pagamento da cantidade final sinalada na cláusula segunda 2.3 do Convenio a formalizar.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.

29(1199).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.